

## INDICE DE PREGUNTA

### A) PREGUNTAS COMÚNS

### B) MARGARITA SALAS

### C) RECUALIFICACIÓN

### D) MARÍA ZAMBRANO

## A. PREGUNTAS COMÚNS A TÓDALAS MODALIDADES

### 1. Hai modelos para a presentación da diferente documentación a presentar?

Os modelos para a presentación da documentación non deberán superar as 5000 palabras e están dispoñibles no seguinte enlace: [Axudas recualificación sistema universitario español](#)

### 2. Estas axudas van a ter algún tipo de continuación, como unha modalidade B? Pense convocarse varios anos?

Non está previsto que estas axudas teñan continuación nen que se convoquen anualmente.

### 3. En que idiomas pode presentar a documentación?

A documentación pode presentarse en galego, castelán e inglés.

### 4. Hai que entregar no momento da solicitude os méritos alegados no CV ou poden presentarse a posteriori?

O solicitante ten que asinar unha declaración responsable na que fai constar que todos os méritos que alega son certos e que pode demostralo achegando a documentación que o xustifique no momento en que lle sexa solicitado pola comisión de valoración.

### 5. Cal é a data máxima de incorporación ao grupo receptor? Podo solicitar un retraso na incorporación para comezar a estancia fóra do prazo establecido?

A data de inicio do contrato é o 1 de xaneiro do 2022. As persoas seleccionadas poderán solicitar á Universidade de Santiago de Compostela un retraso na incorporación unicamente nas situacións que figuran no pto. 12 da convocatoria debidamente xustificadas. Este retraso na incorporación non pode **superar o 30% do período total da estadía nin rematar esta despois do 31 de decembro de 2024.**

**6. Se nalgunha das categorías das distintas axudas non se completan as prazas, distribuiranse entre as outras categorías?**

Si.

**B. PREGUNTAS FRECUENTES MARGARITA SALAS**

**1. É posible solicitar estadía en dous destinos diferentes?**

As axudas Margaritas Salas están pensadas para un único destino. Soamente no suposto de que a estadía se solicite para unha universidade ou centro de investigación situado no estranxeiro ou estadías en centros de investigación públicos españois, o último ano da axuda terá que ser nunha universidade pública española

**2. A axuda de dous anos fóra de España estará exenta de tributar?**

Non, as persoas beneficiarias das axudas Margarita Salas subscribirán un contrato laboral a tempo completo coa Universidade de Santiago de Compostela e deberán tributar o que corresponda ao mesmo.

**3. Defendín a miña tese doutoral nunha universidade estranxeira. A estancia de 2 anos iniciais tamén sería no estranxeiro/noutra universidade española? Si ese é o caso, o último ano de retorno podería ser na USC?"**

As persoas que obtiveran o título de doutoramento nunha universidade privada española ou aquelas de nacionalidade española que o obtiveran en universidades ou centros de investigación estranxeiros poderán concorrer a esta modalidade podendo incorporarse no último ano de estadía na USC.

**4. Un investigador posdoutoral con nacionalidade estranxeira que obtivese o doutoramento nunha universidade ou centro estranxeiro pode presentarse a estas axudas?**

Non, ás axudas Margaritas Salsa non se poden presentar estranxeiros que obtiveran o título de doutoramento nunha universidade estranxeira.

**5. Se obtiven o meu título de doutoramento noutra universidade española, poden facer os tres anos de estadía na USC?**

Podes facer os tres anos de estadía na USC presentando a solicitude na Universidade na que obtiveches o título de doutoramento.

**6. Valorarase máis que o destino sexa no estranxeiro? No caso de ir a outra universidade dentro do territorio estatal, penalizarase que sexa en Galicia?**

Valoraranse os méritos que figuran no punto 9 da convocatoria. Entre eles non figura ningún tipo de beneficio nin de penalización en función de que a universidade sexa estranxeira ou esté situada en Galicia.

**7. Con estas axudas, a cal das universidades se queda vinculado?**

O contrato de traballo será coa USC.

- 8. Hai que incluír o historial científico do grupo de retorno ao igual que o grupo receptor?**  
Se o grupo receptor de retorno é a USC non hai que incluír o historial científico do grupo.
  
- 9. Cal é a institución encargada de avaliar a miña solicitude, onde obtiven o título de doutoramento ou na que solicito a estadía?**  
A solicitude será avaliada pola universidade na que presentas a solicitude que debe ser na que se obtivo o título de doutor.
  
- 10. Podo solicitar a axuda se a miña data de lectura de tese é anterior ao 13 de agosto de 2019?**  
Non, salvo que concorran algunha das causas xustificadas de ampliación de prazo recollidas na convocatoria.

## C. PREGUNTAS RECUALIFICACIÓN PROFESORADO UNIVERSITARIO

### 1. Pódese solicitar para máis dun centro ou universidade?

Non

### 2. Na actualidade teño un contrato na USC a través dunha axuda Juan de la Cierva, Ramón y Cajal... podo solicitar esta axuda?

Non, únicamente poden obter os profesores/as titulares, contratados/as doutor ou profesor/a axudante doutor

## D.PREGUNTAS FRECUENTES MARÍA ZAMBRANO

**1. Podo presentar a solicitude en distintas universidades?**

Si

**2. Como podo xustificar que estou a desenvolver no momento de formular a solicitude proxectos de investigación en universidades ou centros situados fora de España?**

Presentando un certificado no que consten os proxectos nos que o solicitante esté a participar.

**3. A USC planea algún tipo de consolidación?**

Nestes momentos non se contempla a posibilidade de consolidación destes perfiles.